

## O CONVENIO NA ENCRUCILLADA

### XXIII Convenio colectivo de Banca

A patronal de banca volve insistir no seu discurso neoliberal e de desregulación das condicións laborais do sector. Para que non se nos esqueza, resumimos: hai que modernizar o sector, adaptarse aos cambios, transformar o Convenio. Que se traduce en suprimir os conceptos de antigüidade e as pagas de beneficios, ampliar a mobilidade xeográfica ao dobre, suprimir os ascensos regulados, aumentar a flexibilidade en xornada, e un longo etc. do mesmo tenor.

O rexeitamento sindical ao futuro que se deduce destas propostas foi posto sobre a Mesa por CCOO, reclamando un cambio de posición da AEB. Estámonos a xogar neste Convenio a nosa nómina, os nosos horarios, as nosas condicións laborais, de agora e endiante. Hai dúas formulacións distintas do sector financeiro que se debuxará para os próximos catro ou dez anos

- Queremos un Convenio que ordene e impulse o sector para recuperar a reputación corporativa e profesional, que conte en primeiro lugar co compromiso e o recoñecemento das súas traballadoras e traballadores.

- Non queremos un sector de baixo coste, de tratamento dual dos equipos, de perda de conceptos salariais, de desregulación da carreira profesional.

CCOO explicamos os puntos básicos dun acordo posible e necesario: que garanta o emprego, procure unha recuperación salarial certa, mellore as condicións de traballo e recoñeza a profesionalidade dos equipos. Que permita ao sector cumprir a súa importante función social cuns equipos comprometidas, integrados e ilusionados con incentivos, tanto económicos coma de conciliación da vida profesional e familiar, con políticas activas de igualdade e con carreiras profesionais definidas

E preciso abrir outro camiño, o dun bo Convenio. Esas propostas, as que compartimos con todas as traballadoras e os traballadores dos bancos, ímolas concretar na seguinte reunión, do próximo 27 de abril.

CCOO aproveitamos para informar, pola repercusión que puidese ter aínda tratándose de Convenios diferentes, e denunciar a hipocrísia, o cinismo, o dobre discurso dos responsables de BANKIA, que pretenden impoñer, cos recursos do medo e a confusión, a xornada partida aos seus traballadores e a todo o sector financeiro.

14 Abril 2015



**Es tiempo de avanzar**  
**Es tiempo de un buen convenio**